EXERCICIO AUTOAVALIABLE I

CUESTIÓNS:

1. **Fai un pequeno comentario interpretativo do poema de Arcadio López Casanova – poema 12- da antoloxía.**

2. **Comentario guiado do poema 4 da antoloxía titulado «Penélope» de Xosé Mª Díaz Castro.**

   a) Analiza a métrica, rima e ritmo do poema.
   b) Es capaz de advertir o fonosimbolismo nalgún treito do poema? Sinálao e explícao.
   c) Analiza o plano gramatical do poema, fixándote especialmente nos tempos verbais e nas estruturas sintácticas. Que sensación expresan?
   d) Sinala o tema central e os subtemas do poema. Podes establecer algún tipo de relación entre a análise gramatical que realizaches e a idea que nos quere transmitir o autor?

3. **Comentario guiado da «Letanía de Galicia» (poema 14) de Uxío Novoneyra.**

   a) Describe a especial disposición gráfica dos versos neste poema e o uso de maiúsculas e cursivas. A que cres que responde?
   b) Estamos ante un poema en verso libre, moi vangardista. Non entanto, ten unha gran musicalidade. Sinala as recorrencias fónicas que se producen no poema (rimas internas, repeticións de sons, etc). Analiza tamén as regularidades métricas.
   c) Analiza o plano morfosintáctico e sinala as figuras retóricas que encontres.
   d) Cal é o tema e subtemas do texto? Pono en relación co anterior texto de Xosé María Díaz Castro. Que coincidencias e diverxencias podemos encontrar?

4. **Fai un comentario só do contido (argumento, tema, voz poética, personaxes, espazo e tempo....) do poema 1 da antoloxia titulado «Celsa RI, aforcouse en xullo do 74».**

5. **Compara os poemas 4, 5 e 6 da antoloxía de textos. Os tres teñen como referencia textual a «Penélope». Que diferenzas ou similitudes atopas entre eles?**

SOLUCIÓNS:

1. **Fai un pequeno comentario interpretativo do poema de Arcadio López Casanova – poema 12- da antoloxía.**

Soneto desesperado pola chegada do ser humano á nada (*nada tes*), xa que estás desposuído da terra (*non tes Terra*). Este concepto de terra baséase no sentimento do desterrado que carece de patria (*son desterrado*) polo que a terra é símbolo da patria e ligado a ela está toda unha armazón de sentimentos que, ao faltaren, o poeta ou ser humano vese baleiro, sen terra, sen patria, sen sentimentos, cunha aproximación paulatina cara á morte psíquica (*morte anainada*).

Morrer é afastarse da vida, e estar lonxe da terra é estar lonxe da vida, equipárase o exilio coa falta da vida. É un poema de derrota e de sufrimento do ser humano (*arado corazón*) influenciado polo existencialismo que se constrúe a través de imaxes e recursos frecuentes na poesía do autor: reiteración (*vivir, vivir*); as anáforas (*onde, onde*); os paralelismos (*nada tes, nada tes*); a derivatio (*soñar, soñada*); encabalgamentos en todos os versos; símbolos da noite que equivale á morte; o mar co seu bater incrementa a amargura; a terra como patria; a xerfa como restos perdidos do mar; contraposicións ou xogos de antíteses que incrementan o desalento (*tes/nada tes; tes /non tes*) así como o apóstrofe interrogativo dirixido ao corazón (*ti querías, corazón*); ou a paranomasia que produce harmonía fónica en dúas palabras contiguas (*vouga vaga*).

2. **Comentario guiado do poema 4 da antoloxía titulado «Penélope» de Xosé Mª Díaz Castro.**

   a) **Analiza a métrica, rima e ritmo do poema.**

   Trátase dun poema de métrica lixeiramente irregular. Está composto por catro estrofas de versos hendecasílabos, agás o cuarto da primeira estrofa, que é heptasílabo (serventesios irregulares).

   A rima é consoante abrazada cada catro versos: ABAb CDCD EFEF GAGA. É un poema polirrítmico.

   b) **Es capaz de advertir o fonosimbolismo nalgún treito do poema? Sinálao e explícao.**

   O que se constrúe para suxerir a escuridade anímica e visual ou a desesperanza que parece marcar a estación depresiva do outono cos fonemas vocálicos semiaberto ou semipechado velares nos seguintes versos:

   - No v.2., "*a tea dos teus soños non se move*".
   - No v.6., "*che estrolla o sono mol como unha uva*"
   - No v.13., "*desorballando os prados coma sono*"
   - No v.15., "*suco a suco, o Outono*".

c) Analiza o plano gramatical do poema, fixándote especialmente nos tempos verbais e nas estruturas sintácticas. Que sensación expresan?

No poema aparece un tempo verbal básico, que é o presente de Indicativo (*move, espreguiza, aran, chove, estrolla, envólveste, é, vai, ven*...), tempo da frustración, expresado en Indicativo (*traguerán*) ou mediante perífrases (*ha de pagar)*, que remiten para unha esperanza improbable e inconcreta (*algún día*), e por unha forma de pretérito (*levaron*), que incide nas causas da frustración colectiva que o poema recrea.

As estruturas sintácticas suxiren un movemento pendular, de vaivén, polo xogo de recorrencias de dous membros equivalentes que se contrapoñen: *suco vai, suco ven; un paso adiante i outro atrás; de Parga a Pastoriza* (dous puntos extremos da Terra Chá); *traguerán* (...) / *levaron*; etc.

O primeiro verso do poema repítese como verso final cunha exclamación intensificativa.

d) Sinala o tema central e os subtemas do poema. Podes establecer algún tipo de relación entre a análise gramatical que realizaches e a idea que nos quere transmitir o autor?

O tema central é **a esperanza constantemente frustrada de Galicia,** sempre inmobilizada por un falso dinamismo de carácter pendular: «*un paso adiante i outro atrás, Galiza*». Trátase, pois, dunha frustración histórica da sociedade galega e da súa inútil espera permanente.

Os temas secundarios ou subtemas máis notorios son o da esperanza, o da intrahistoria e o da emigración, que aparecen encadeados.

A esperanza móstrase pouco dinámica (*se esperguiza*) e moi inconcreta (*algún día*), case fatalista adquire dimensión relixiosa (*Deus é o mesmo*), (*e cada cousa ha de pagar seu desmo*).

Esta esperanza adormecida aparece como un elemento máis da intrahistoria, é dicir, do vivir cotián e milenario dun pobo que parece estár á marxe da historia: «*aran os bois e chove, sabas de mil anos, escoitar a chuva; suco vai, suco ven; desorballando os prados...».*

Igualmente, o inmobilismo que sucede a calquera vana esperanza parece consustancial a ese vivir intrahistórico: «*a tea dos teus sonos non se move».* A milenaria intrahistoria galega, idéntica a si mesma, é o marco temático de todo o poema.

Entroncada coa cotidianidade intrahistórica está tamén a emigración, especialmente desde a segunda metade do século XIX: «*un bruar de navíos moi lonxanos*». A esperanza do regreso dos emigrantes parece tan lonxana no espacio como no tempo: «*traguerán os camiños algún día / a xente que levaron*».

3. Comentario guiado da «Letanía de Galicia» (poema 14) de Uxío Novoneyra.

a) Describe a especial disposición gráfica dos versos neste poema e o uso de maiúsculas e cursivas. A que cres que responde?

As maiúsculas serven para salientar o tema central do poema, GALIZA, e os seus elementos constituíntes fundamentais: Terra, Pobo, Historia.
A especial disposición dos versos trata de reproducir a estrutura da ladaíña ou letanía[1] relixiosa. O propio recurso a este molde formal indícanos claramente a vontade do poeta de implicar ao lector no desenvolvemento e na mensaxe do texto.
A letra cursiva marca as partes recitativas que corresponderían ao pobo, entanto a letra normal fai o propio coas que corresponderían ao oficiante.

Esta forma está escollida a propósito para marcar o ton elevado do tema. A pesar de que presenta unha tipografía moderna de carácter vangardista, o tema é de carácter político-social.

b) Estamos ante un poema en verso libre, moi vangardista. Non entanto, ten unha gran musicalidade. Sinala as recorrencias fónicas que se producen no poema (rimas internas, repeticións de sons, etc). Analiza tamén as regularidades métricas.

Sumadas as dúas partes recitativas, resultan versos hendecasílabos (once sílabas) nas estrofas segunda (*Galica da door... chora á forza),* terceira (*libre pra servir...*), cuarta (*Galicia labrega...*) e quinta (*recóllote da TERRA...*). As estrofas finais (*recóllote i érgote...; sabemos que ti...*) teñen versos dodecasílabos.

Temos casos de rima interna consoante en (*GALICIA vendada... GALICIA tapeada... GALICIA atrelada*) e de rima interna asoante nos versos (*estás mui fonda... estás n'il toda... estás borrosa*).

Combinando asonancia e consonancia temos o grupo (*GALICIA labrega... GALICIA mariñeira... GALICIA obreira... GALICIA irmandiña... GALICIA viva inda...*).

Tamén presentan rima interna consoante, neste caso abrazada, os versos (*libre pra servir / libre pra non ser / libre pra morrer / libre pra fuxir*).

Presentan asonancia algúns versos do penúltimo e último grupos: (*forza... argola... cousa... cousa... cousa... cousa*).

c) Analiza o plano morfosintáctico e sinala as figuras retóricas que encontres.

Talvez o recurso máis importante que emprega o autor sexa a complensión (anáfora e epífora ao mesmo tempo).

Hai tamén numerosos paralelismos como: «*pros que inda non marcou a malla d'argola / pros que saben que ti podes ser outra cousa / pros que saben que o home pode ser outra cousa*».

[1] **Letanía**: plegaria formada por unha serie de curtas invocacións que os fieis rezan á Virxe.

Destacan algunhas construcións de sentido antitético: «*recóllote da TERRA / estás mui fonda*», «*recóllete da HISTORIA / estás borrosa*» e o emprego de recursos como lítote «*libre pra non ser*», anadiplose «*érgote no verbo enteiro /no verbo verdadeiro*», paranomasia «*verbo verdadeiro*» e poliptoto «*digo eu ún di*»; «*e saben sabemos*».

d) Cal é o tema e subtemas do texto? Pono en relación co anterior texto de Xosé María Díaz Castro. Que coincidencias e diverxencias podemos encontrar?

O tema principal é a **denuncia do asoballamento de Galicia**. Galicia aparece no texto como unha terra oprimida pola forza, chea de dor, tristura, silencio e fame, negada e borrada practicamente da historia, obrigada a emigrar e a gardar silencio.

Como subtemas atopamos: a afirmación da **esperanza nun futuro distinto e mellor para Galicia** (*sabemos que ti podes ser outra cousa*). A postulación do **protagonismo dos máis novos** (*pros novos que vein con forza; pros que inda non marcou a malla d'argola*) e das clases populares (*recóllote do pueblo, estás nil toda; Galicia labrega, Galicia mariñeira, Galicia obreira*) na construción dese futuro.

A **reivindicación dun pasado histórico** galego caracterizado pola rebeldía e polo afán de liberdade: «*Galicia irmandiña*».

4. Fai un comentario só do contido (argumento, ton, tema, voz poética, personaxes, espazo e tempo....) do poema 1 da antoloxia titulado «Celsa RI, aforcouse en xullo do 74».

Celsa R.I. decidiu morrer. Por que? Que lle puido pasar a alguén, na suposta plenitude da vida, para desexar abandonar o único mundo que coñecemos?

Quizais estas mesmas preguntas levaron ao autor a parar un momento, respirar, e preocuparse polo que acontece ao seu arredor, adicando uns instantes a Celsa, aínda que ela xa nunca o saiba.

O froito desa reflexión, mistura de desacougo e curiosidade humana ante unha determinación tan tráxica como o suicidio, é un longo poema lírico moi achegado ao sentimento elexíaco.

Sen renunciar a unha función eminentemente descritivo-narrativa dos feitos, podemos observar tamén unha importante vea intimista que percorre lonxitudinalmente o poema, estreitándose ou ampliándose segundo o requerimento conceptual. É dicir: sen renunciar á dimensión social e comunitaria do pobo galego, o poeta afonda na introspección intimista, no «caso» de Celsa, que xa parece ter marcado o fatal destino nas iniciais dos seus apelidos, R.I. (só falta o P., é que non poderá aínda descarsar en paz?).

Para alén de todo isto, o primeiro achegamento ao texto nos deixa inseridos formal e conceptualmente nun todo finalizado, pois a repetición, case mimética, dos versos 5,9 nos 32-36 –tipograficamente salientados en itálica- enmarca como imos ver deseguido a traxectoria vital da protagonista en particular, e do pobo galego en xeral.

Desta maneira, unha **voz poética** en terceira persoa do singular (*pendurouse, era, enfeitizaba, brúa, bate…*) enfróntanos directamente co tráxico acontecemento «Celsa R.I. pendurouse dunha viga», con obxectividade e incluso, con certa frialdade cronística. E mantén ese realismo ata o v. 4 «os 45 anos xa era vella», onde se permite a primeira valoración subxectiva, quizais porque xa conseguiu no lector a sensación reaccionaria que buscaba, xa ten a nosa atención. Agora que nós, coma el, paramos a pensar na Celsa, é o momento de mudar definitivamente para unha perspectiva subxectiva omnisciente que se prolongará ata o remate do poema. Así, a voz poética, e da súa man iremos tamén nós, insire a súa voz e pensamento no decorrer vital da personaxe central, permitíndose seleccionar aqueles datos, acontecementos ou sentimentos que considera necesarios para comprender e dar explicación á pregunta fundamental: por que, Celsa R.I.?

A gravidade dos feitos fica reflectida nun **ton** comprometido, incluso triste e melancólico, que transmite perfectamente o sentimento de impotencia ante a visión dunha vida cortada, metáfora do condicionamento histórico que a emigración, o asoballamento dos ricos, o pulso continuo coa natureza e marxinación estatal «illada, soa, medoñenta» veñen exercendo sobre o pobo galego.

A opresión de todo un pobo é o **tema** central do poema, consecuencia disto particular é a morte da pescantina e **protagonista** do mesmo: Celsa, peón da terra na que vive «terra maldita, de xentes emigradas / rillada polos usureiros», e símbolo da propia Galicia[2], unha muller sen fillos, sen home, abocada ao suicidio.

Luís Seoane **estrutura** este tema ao xeito dunha crónica xornalista, en tres partes: Na I parte (v.1 – 9) que subdiviremos en dúas (v. 1 – 4) e (v. 5 – 9) temos a descrición obxectiva e subxectiva do feito nun presente e infórmanos e dános os datos da protagonista. Na II parte (10 – 27) e tamén con diferentes subdivisións (v. 10 – 20), (v. 20 – 27). Temos as lembranzas do noso pasado, a nosa historia vista a través dos ollos da protagonista. Os homes do mar representan a nosa terra Galicia. Na III parte (28 – 36) tamén con dúas subdivisións que corresponden coas dúas estrofas derradeiras, de novo voltamos ao presente, á dura realidade «aforcouse», «non a levou ningún anxo da terra» algo irreal para unha opresión moi real.

Unha estrutura circular pero non pechada.

O tempo está detido nun espazo concreto «*nunha aldea de vellos e nenos*», espazo simbólico xa que pode ser calquera lugar de Galicia. É de salientar o lugar do suicido «*o vento bate a porta do* **alpendre**» outro lugar pechado, como Galicia está froito da opresión que sofre e do sufrimento do seu pobo. A natureza revélase xa que aínda que sexa xullo «*noite negra, Celsa R.I.*» e «*Como brúa o mar*» lugar de encantamentos e tan tráxico como na tradición grega a igual que a *«porta»* que xorde neste poema como un elemento opresivo despois da morte.

Nota: Ler o poema 12 «Bando» de Manuel María e fixarse en que este xunto co de Luís Seoane oriéntanse cara á mesma liña poética: a da poesía do compromiso, e ambos os dous poemas dan conta da opresión de Galicia.

[2] Lembremos o conto «A velliña, vella» de V. Risco. Naquel tamén esta era o símbolo de Galicia.

6. **Compara os poemas 4, 5 e 6 da antoloxía de textos. Os tres teñen como referencia textual a «Penélope». Que diferenzas ou similitudes atopas entre eles?**

Para facérmonos coas claves interpretativas dos poemas necesitamos coñecer os precedentes clásicos, xa que estamos ante tres poemas que tratan un contido metaliterario, interpretado de tres maneiras distintas.

Penélope é a protagonista de *A Odisea*, canto épico atribuído a Homero e fonte inaugural da cultura occidental.

No relato clásico Penélope agarda paciente polo seu home, Ulises, rei de Ítaca. Este vive distintas e incribles aventuras no seu camiño de volta a casa despois da Guerra de Troia, mentres Penélope trata de despistar aos pretendentes que acosan o reinado do ausente e a ela mesma, e faino tecendo e destecendo un sudario, coa promesa de escoller o sucesor de Ulises ao rematar a peza.

Os tres son poemas pertencentes ao xénero lírico que teñen o mesmo referente textual «Penélope» pero no resto as diverxencias son notables.

X.M. Díaz Castro – xa comentado antes o seu poema- amósanos un poema social de carácter elexíaco verquido nun molde de corte clásico – un soneto-.

Pola contra Álvaro Cunqueiro recréase e interpreta un mito clásico desde o punto de vista culturalista, dándolle grande importancia á forma como o propio título «*Pende en que pende Penélope pensativa /perdo novelo nove novamente canto*» que xa albisca as técnicas elípticas (perda de determinantes) así como das técnicas fónicas que empregará (aliteración).

Xohana Torres dialoga co poema de Cunqueiro «*¿a que tanto novelo e tanta historia?*» e nos amosa a unha Penélope afastada da tradición mítica que se nega á espera submisa que lle adxudicou a historia e decide navegar. Reescribe, pois, a historia desde un posicionamento feminista e feminino.

Os temas son diferentes: No primeiro é: a esperanza frustada de Galicia; no de Álvaro Cunqueiro é: a espera. E no de Xohana Torres: os tempos son chegados que as mulleres sexan donas das súas palabras, dos seus feitos e da súa memoria.

Mentres o poema de Díaz Castro segue un molde clásico con rima e métrica fixa, o de Cunqueiro é unha poema poliestrófico e heterométrico sen rima, mais con versos de arte maior que amosan o seu carácter culto, ao igual co de Xohana Torres que presenta unha maior regularidade na forma, debido ao uso da anáfora en forma de ladaíña, pero aproxímase máis ao de Cunqueiro que o de Díaz Castro.

A Penélope de Cunqueiro dialoga coa deusa (*¡Ouh Venus!, ¿onde camiña o fío revoando…por onde o vento pasa, pisa?*) que lle pregunta onde está o seu home e que lle dea esperanza. No de Xohana Torres tamén temos dúas voces:

- A primeira é a do oráculo, que eran as respostas e vaticinios que ofrecían os deuses na Antiga Grecia a través de sacerdotes ou lugares sagrados. E simboliza a tradición, a superstición, a irracionalidade, e manifestalle – utilizando a anáfora do QUE a xeito de ladaíña- que debe esperar sen medo a volta de Ulises.

- A segunda é a de Penélope que se revela contra a tradición e eses designios: se existe ese mundo aí fóra –a maxia, a viaxe, a vida- ela tamén quere vivilo. Ela quere deixar de tecer e destecer agardando polo seu home, ela quere NAVEGAR, ser protagonista da súa vida e da súa historia.

SABER MÁIS:

Un mesmo motivo e tres poemas. O motivo da tea ten abondosos atencedentes clásicos. Segundo a mitoloxía graga, Aracné tecía os amores de Zeus. Homero presenta na *Iliada* a Helena tecendo os acontecementos da Guerra de Troia e na *Odisea* Penélope tecendo e destecendo para entreter aos seus pretendentes. A literatura repetiu o motivo en innumerables obras de xéneros diversos. De feito Rosalía escribiu en *Follas novas* «Tecín soia a miña tea». O poema de Cunqueiro transcenderá ás xeracións posteriores a igual co de Xohana Torres onde poetas como Ana Romaní, Pilar Beiro ou Chus Pato dialogaran co seu texto.

O memos acontece na arte:

Penélope acosada polos pretendentes, **John W. Waterhouse**

EXERCICIO AUTOAVALIABLE 2 (UNIDADE 7)

CUESTIÓNS:

1. **Indica as características da literatura e da poesía do exilio.**

2. **Que importancia tivo o papel dos exiliados na literatura de posguerra?**

3. **Cales foron as xeracións poéticas da posguerra na Galicia interior?**

4. **Cales foron as tendencias literarias da poesía de posguerra?**

5. **Que elementos característicos do poemario *Sombra do aire na herba* de Luís Pimentel atopas no texto 7 «Enterro do neno pobre» da antoloxía de textos?**

6. **Celso E. Ferreiro soubo ser tanto o poeta máis lírico e intimista, como irónico e sarcástico. Atendendo a esta afirmación xustifica que Celso E. Ferreiro compoñería o poema 8 da antoloxía de textos titulado «Frol de outono»?. Ademais realiza un pequeno comentario sobre o mesmo atendendo sobre todo aos recursos estilísticos.**

7. ***Longa noite de Pedra,* de Celso E. Ferreiro innova decididamente o xénero lírico dos anos 60. Xustifica esta afirmación.**

8. **Que temática predomina na «Escola da Tebra», e que poemario é o seu precedente?**

9. **A. Iglesia Alvariño na súa obra *Cómaros verdes* desmárcase dos moldes formais clásicos a favor dunha combinación entre neotrobadorismo e unha visión humanizada da natureza. Experimenta co verso libre fronte ao formato clásico. Xustifica se isto se cumpre no poema 2 da antoloxía de textos titulado «Cando esperar». Comenta tamén os aspectos rítmicos (métrica e rima...).**

10. **Une as diferentes obras da esquerda cos autores da dereita:**

Fardel do exiliado	**Cuña Novás**
Lonxe	**Celso E. Ferreiro**
Jacobusland	**A. Iglesia Alvariño**
Cómaros verdes	**Luís Seoane**
Sombra do aire na herba	**Bernardino Graña**
Verba que comenza	**Álvaro Cunqueiro**
Dona do corpo delgado	**María Mariño**
Longa noite de pedra	**Emilio Pita**
Fabulario novo	**Lorenzo Varela**
Non vexo Vigo nin Cangas	**Luís Pimentel**

SOLUCIÓNS:

1. **Indica as características da literatura e da poesía do exilio.**

— A literatura non deixa de ser máis que unha das múltiples facetas culturais que exiliados e emigrantes se propuxeron levar adiante. O xénero máis cultivado foi o poético, aínda que tamén se deu un pulo decisivo ao xénero dramático.
— Predominio de contidos reivindicativos xa que se intentaron publicar libros con temáticas prohibidas na Galicia do interior. A emigración masiva do pobo galego é outro tema frecuente.
— Publícase literatura intimista na que destaca a saudade do desterrado polo que deixou atrás no espazo e no tempo: a paisaxe natal, os amigos e/ou amores, a infancia e mocidade, coa sensación de baleiro interior.
— No ámbito estilístico e na poesía notamos semellanzas coa literatura que aquí deixaron os escritores: influencias do hilozoísmo e do vangardismo e prosaísmo (verso longo, estilo realista e coloquial) para a temática socialrealista ao estilo de Celso Emilio Ferreiro.
— A literatura salvou o galego culto escrito dunha posible desaparición e animou os escritores represaliados a continuar a loita por e para Galicia.
— Como ocorre en moitas épocas e en moitos lugares a literatura foméntase a través dos centros galegos e das tertulias. Non era menos no exilio: a tertulia do Café Tortoni da Avenida de Maio de Bos Aires concentra as inquedanzas de numerosos exiliados: Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado ou Luís Seoane, entre outros.

2. **Que importancia tivo o papel dos exiliados na literatura de posguerra?**

Grazas a eles a literatura subsistíu e estimularon a actividade cultural da Galicia interior.

Así publicaron non só obras inéditas, senón que reeditaron algúns dos clásicos máis importantes: Obras de Pondal, Rosalía, Curros ... e tamén se crearon editoriais (Galicia, Citania, Emecé editores), revistas (*Galeuzca, Vieiros...*) e programas radiofónicos. A radio serviu ademais para dar a coñecer os idearios dos grandes oradores como Castelao.

3. **Cales foron as xeracións poéticas da posguerra na Galicia interior? Indica tamén os autores que a conforman.**

- **Xeración do 36:** na que se inclúen escritores como Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Pura Vázquez.

- **Promoción de Enlace:** que reúne poetas como Antón Tovar Bobillo, Manuel Cuña Novás e Luz Pozo Garza.

- **Xeracións das Festas Minervais:** con Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña ou o propio Méndez Ferrín.

Fóra destas agrupacións quedan dous poetas importantísimos: María Mariño e Luís Pimentel.

4. Cales foron as tendencias literarias da poesía de posguerra?

As tendencias poéticas que seguiron estiveron coaccionadas polo réxime franquista en tres vías:

— Predominio de **contidos paisaxistas** e **intimistas,** así como da **poesía neotrobadoresca,** sen os valores vangardistas que a fixeron singular na época de preguerra. Así temos a obra Seitura de Fermín Bouza Brey, Dona do corpo delgado de Álvaro Cunqueiro e Cancioneiro de Monfero de Xosé Mª Álvarez Blázquez.

O **intimismo** foi unha das tendencias maioritarias, en moitas ocasións en estrofas e versos clásicos: sonetos, verso hendecasílabo...

— Escisión da nosa literatura coa que se facía en Europa. Debido á censura e ao illamento de España co exterior non se puideron asimilar tendencias literarias foráneas.

— Aparición da **poesía existencialista** e **relixiosa**, por exemplo na obra de Díaz Castro. Este existencialismo, que era unha reflexión sobre o ser humano, estivo acompañado dun forte pesimismo (motivado quizais polos millóns de mortos e pola miseria humana que sementaron os fascistas).

Só de maneira serodia, na década de 1960, ten entrada a **poesía socialrealista** ou de denuncia, a máis interesante desde o punto de vista temático. Supuxo a recuperación da poesía cívica perdida desde Ramón Cabanillas. O libro de inicio desta tendencia foi *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro.

5. Que elementos característicos do poemario *Sombra do aire na herba* de Luís Pimentel atopas no texto 7 «Enterro do neno pobre» da antoloxía de textos?

Presenza do **mundo dos nenos**, auténticos protagonistas de moitos textos, ás veces orfos, ás veces crueis, ás veces puros e sempre descritos dunha enorme sensibilidade.

6. Celso E. Ferreiro soubo ser tanto o poeta máis lírico e intimista, como irónico e sarcástico. Atendendo a esta afirmación xustifica que Celso E. Ferreiro compoñería o poema 8 da antoloxía de textos titulado «Frol de outono»?. Ademais realiza un pequeno comentario sobre o mesmo atendendo sobre todo aos recursos estilísticos.

Neste poema o eu lírico reflexiona sobre a propia existencia dirixíndose a un ti explícito (*eu dareiche..., pois sinto no meu peito..., delor sin ti, sin min...*). Trátase dun **poema de carácter intimista e de corte existencialista**, no que o autor confensa a súa tristura polo paulatino ir morrendo que supón a vida (*esta vida que me morre, / que me moe...; moéndome amodiño vou morrendo...*) e mais a súa anguria pola proximidade da morte (*xa me espera un camiño sin luz... xa me medra como unha frol de outono nun carreiro*).

O autor emprega aquí determinados elementos léxicos con valor de símbolos: *a pedra, o camiño sin luz, a frol de outono nunha carreiro, a mar inmensa...* representan a morte. O verbo moer metaforiza o vivir. O seu estado

anímico fica remarcado polo emprego de numerosos substantivos e adxectivos con sema negativo: *delor, tristura, acedas bágoas, noites fuxidías, dura pedra...*

O poema está composto por tres estrofas de cinco, sete e oito versos, respectivamente, con rima asoante nos versos pares (espera, medra, acedas, pedra, segredas, xiquera, sinxela, veira, chea, inmensa). Son versos hendecasílabos, agás un heptasílabo presente na segunda estrofa (de tódalas segredas).

Todas as estrofas comezan coa mesma expresión (eu dareiche delor), presente tamén entre parénteses no derradeiro verso (estrutura circular). Trátase, pois, dun epínome.

Entre os recursos formais que emprega pódense sinalar, ademais, o fonosimbolismo (*que me moe, moendo á miña veira; moéndome a modiño vou morrendo, / coma o mar moe ó mar, unha mar chea*, onde a repetición de consosantes bilabiais, nasal e oclusiva, parece reproducir o son da pedra-moa dando voltas...), o polisíndeto (*que non serán palabras, nin xiquera son ar, nin voz xiquera; sin ti, sin min, sin a sinxela*...), o paralelismo (*xa me espera... xa me está medrando, xa me medra*...), a epanalepse (*eu dareiche delor, dareiche*...), o retrúecano (*nin xequera son ar, nin voz xiquera*), o paradoxo (*desta vida que me morre...; morre cada día dende sempre*), o símil (*coma unha frol de outono...; coma o mar moe ó mar*), a metonimia (*sinto no meu dentro*...), a similicadencia (*xa me está medrando, xa me medra; que me moe, moendo á miña veira; moéndome*...), a paranomasia (*morre /moe*), etc.

7. *Longa noite de Pedra,* de Celso E. Ferreiro innova decididamente o xénero lírico dos anos 60. Xustifica esta afirmación.

— Introdución de rexistros da fala cotiá, cunha finalidade humorística e sarcástica.
— Mesmo incorpora a xerga gremial dos canteiros (a verba dos arxinas) nalgún texto.
— Incorporación de linguaxes específicas comoa a administrativa e burocrática, comercial, política, militar case sempre en contextos sarcásticos.
— Utilización de recursos estilísticos antes non empregados na literatura como son o fonosimbolismo e as onomatopeas, creando unha linguaxe que lembra á do cómic.

8. Que temática predomina na «Escola da Tebra», e que poemario é o seu precedente?

Na «Escola da Tebra» predomina a temática existencialista que está presidida pola anguria de vivir, hai un enorme pesimismo.

Fabulario novo (1952), de Cuña Novás é o precedente da **Escola da Tebra**

9. A. Iglesia Alvariño na súa obra *Cómaros verdes* desmárcase dos moldes formais clásicos a favor dunha combinación entre neotrobadorismo e unha visión humanizada da natureza. Experimenta co verso libre fronte ao formato clásico. Xustifica se isto se cumpre no poema 2 da antoloxía de textos titulado «Cando esperar...». Comenta tamén os aspectos rítmicos (métrica e rima...).

Nun principio no que respecta á parte formal non, xa que estamos ante un soneto, estrofa de molde clásico. De aí que que temos dous cuartetos (ABBA ABBA) e dous tercetos (CDC DCD) encadeados. A rima é consonántica, mais o número de versos é variable xa que hai unha combinación de versos hendecasílabos, dodecasílabos con alexandrinos como o verso "*ó vento, ó sol, á chuva, á neve, ó frío*". Nisto último xa comeza a romper os moldes clásicos.

No que respecta ao núcleo temático a paisaxe é o centro. O eu poético descríbea e sérvelle como pretexto para a expresión da intimidade. Polo tanto neste poema temos a combinación de elementos clásicos a nivel formal, mais a nivel de contido estamos ante algo novidoso: o intimismo.

10. Une as diferentes obras da esquerda cos autores da dereita:

Fardel do exiliado	**Luís Seoane**
Lonxe	**Lorenzo Varela**
Jacobusland	**Emilio Pita**
Cómaros verdes	**A. Iglesia Alvariño**
Sombra do aire na herba	**Luís Pimentel**
Verba que comenza	**María Mariño**
Dona do corpo delgado	**Álvaro Cunqueiro**
Longa noite de pedra	**Celso E. Ferreiro**
Fabulario novo	**Cuña Novás**
Non vexo Vigo nin Cangas	**Bernardino Graña**

EXERCICIO

CUESTIÓNS

1. **Completa este cadro sinalando as diferenzas entre a poesía realizada nos anos 50 e nos 60.**

ANOS 50	ANOS 60

2. **Fai un comentario literario exhaustivo sobre o seguinte poema de Celso E. Ferreiro.**

Eu en ti

Eu xa te busquéi
cando o mundo era unha pedra intaita.
cando as cousas buscaban os seus nomes,
eu xa te buscaba.

Eu xa te procuréi
no comezo dos mares e das chairas.
Cando Dios procuraba compañía
eu xa te procuraba.

Eu xa te chamei
cando soio a voz do vento soaba.
Cando o silenzo chamaba polas verbas
eu xa te chamaba.

Eu xa te namoréi
cando o amor era unha folla branca.
Cando o silenzo chamaba polas verbas,
eu xa te namoraba.

Sempre,
dende a neve dos tempos,
eu, na túa ialma.

O soño sulagado, **Celso Emilio Ferreiro**